

A HISTORIA DAS FILLAS DA NATUREZA

Mariña Fernández Calo

Capítulo I. As fillas da Natureza.

Hai moitos millóns de anos, cando aínda non había vida na Terra, apareceu a Natureza. Tivo dúas fillas; a vida, á que lle puxo de nome Vita, e a morte, á que lle puxo de nome Mors.

Vita era loira, tiña uns preciosos ollos de cor esmeralda, unhas orellas que pronto se agocharían detrás do seu bonito pelo, un nariz pequeno e a pel tan suave coma o algodón.

Mors tiña o pelo negro coma a noite e os seus ollos eran marróns coma as castañas, pero as orellas non se lle agocharían detrás do pelo co paso do tempo debido á pouca cantidade que tería. O nariz da morte era grande e deformado e a pel, seca.

Capítulo II. Os animais.

De pequenas, as irmás eran máis que boas amigas, xogaban, rían e divertíanse moitísimo, mesmo sendo como a noite e o día, pero ao chegar a adolescencia, a súa nai creara uns seres vivos moi especiais e estraños, aos que chamou "animais", e que podían moverse e falar con elas.

Ao principio parecían as dúas encantadas, mais co paso do tempo os animais ían preferindo a Vita como amiga e deixaban a Mors de lado.

Capítulo III. O segredo.

A irmá á que ninguén quería foi sospeitando que a súa nai lle estaba escondendo algo, e un día, achegouse á praia e preguntoullo, e a Natureza, a piques de botar a chorar, explicoulle: "Cando naciches... houbo... un... pro-problema... e... sa-sáches... m-m-m-m-mortal" e chorou. A Natureza non é como as súas fillas, a ela non se lle ve xa que o é todo, só se lle escoita pero sabe expresar os seus sentimentos e, neste momento, as súas bágoas eran chuvia, chuvia que cada vez caía máis forte e rápido. A morte non entendía nada, ela era mortal pero a súa irmá non? Enfadouse e berrou: "Por iso son tan horrible?" Pero a nai non lle puido contestar, entón berrou aínda máis: "Por iso todos os animais queren estar con Vita e non comigo?" "Todos son inmortais agás eu?". Non, non lestes mal nin escribín mal, os animais eran inmortais. A nai estaba tan triste que non sabía contestar, pero Mors xa sabía cal ía ser a resposta.

Capítulo IV. Desastre

Dende aquel día, a morte odiou a vida e a todos os animais e estivo investigando como podía ser inmortal. Buscou, buscou e buscou pero tódolos métodos que se lle ocorrían e que podían funcionar eran moi difíciles, ata que despois de meses pensando atopou o que necesitaba.

Moitos anos despois, cando a morte xa era vella, todo era pánico, os animais empezaron a correr berrando: "Morreu un chamido!". Un chamido é un animal peludo e pequeno que existía daquela. Vita, que falara coa súa nai sobre Mors, decatouse de que tiña que ser a súa irmá. Vita tiña razón, a solución que lle atopara a súa irmá á súa inmortalidade era roubarlle a vida aos demais, como lle fixara a ese chamido.

Capítulo V. O día que non a convenceu

A Natureza ía cambiando e cada vez había máis especies novas, incluída a do ser humano, pero a morte non perdoaba a ningún, todos morrían, algúns de pequenos e outros de vellos pero ningún se libraba dela. A vida estaba desesperada, non sabía que facer e un día, había menos seres vivos dos que debería haber na Terra e Vita decidiu ir falar coa súa irmá. Escribiulle unha carta e envioulle para poder verse nas fragas do río Manxo, que agora se chama Mandeo.

Ao día seguinte, a morte xa estaba alí e a vida intentou convencela de que volveran ser amigas. A morte aceptou, pero non era só iso, a vida contoulle que tamén tiña que deixar de matar, que seguro que había outros métodos para ser inmortal, pero Mors dixo que todos eran demasiado complicados e que chega o momento no que os seres vivos xa non necesitan vivir. Dito isto, desapareceu.

Capítulo VI. O día que a convenceu

A vida estivo pensando no que dixerá a morte: chega o momento no que os seres vivos xa non necesitan vivir. Pensou ata que chegou a unha conclusión. Tiña que falar coa súa irmá. Envioulle outra carta e, ao día seguinte, xa estaba alí. Empezou a falar Vita: "O outro día non quixeches, pero estiven reflexionando sobre o que dixeras e cheguei a unha conclusión. Todo o mundo necesita morrer, polo que podes matar aos seres vivos cando xa vivisen o tempo que precisan e todos estaríamos contentos. Mors pensou un rato e ao final dixo que si.

Dende aquel día, os animais xa non odiaban á morte, quen foi feliz para sempre grazas a idea da súa irmá.